

Tocaron  
onte...

...están  
tocando  
hoxe...




...e tocarán  
mañá!!!

¡Colabora e participa!

¡¡Faite socio  
da Banda de Lalín!!

Información: Auditorio Municipal - Tfns. 986 783 570 - 608 885 659 - LALÍN

AVANZADOS



## Auditorio Municipal de Lalín

Concertos de Primavera

**BANDAS POPULARES DE GALICIA**

Domingo 26 de marzo  
ás 13,00 horas *2000*

**Banda Municipal  
de Ribadeo**

Director: Henan Naval



A Banda Municipal de Ribadeo está a comenzar a súa novena temporada de concertos. O 25 de xaneiro de 1992 ofreceu o seu primeiro concerto público, ante case mil persoas. Dos cuarenta xóvenes compoñentes iniciais ten pasado a conformar un plantel de Banda Sinfónica de máis de oínta músicos amaters. A Banda Municipal de Ribadeo está promovida pola Asociación "Amadores da Música" en colaboración permanente co Excmo. Concello de Ribadeo.

Nestes poucos anos de vida, a Banda Municipal de Ribadeo ten ofrecido importantes concertos: Teatro Colón (A Coruña), Praza da Quintana (Santiago de Compostela), Praza Maior e Auditorio de Vaguada (Madrid), Plaça Real e Parque de Provençals (Barcelona), Beniaján (Murcia), Lourdes, Lisboa e Tomar (Portugal), Teatro Campooamor (Oviedo), Círculo das Artes de Lugo, Auditorio "Isabel de Farnesio" de Aranjuez (Madrid), Concatedral de Ferrol, etc. Ten realizado gravacions para a Rádio e TV de G e TVE.

A Banda Municipal de Ribadeo difunde cada ano unha programación estable dos seus concertos en Ribadeo. Neles ten incluído programas monográficos (música de cine, música relixiosa, etc.), e outros, como o de Nadal ("Aquí como en Viena"), forman xa parte dos eventos culturais tradicionais de Ribadeo. Tamén, o Festival de Bandas que organiza no mes de agosto, e que este último verán acadou a súa quinta edición, estase a convertir nun importante referente cultural.

Fai dous anos que a Banda presentou o seu primeiro CD. O disco, que ten colleitado un grande éxito de vendas e de crítica, inclue o "Andante Spianato e Grande Polonesa en Mi bemol maior" de Chopin, acompañando a banda o prestixioso pianista cubano Antonio Queija Uz, na transcripción para Banda que das partes orquestrais da obra realizou o seu director Hernán Naval. O CD é testemuña do que ven sendo o heterodoxo facer na Banda Municipal de Ribadeo na súa curta pero intensa traxectoria pública: música sinfónica, música contemporánea (bandas sonoras, nova música para Banda...), sempre desde presupostos conceptuais formativos, tanto para o público como para a propia Banda, rachando cos atavismos das dianas e alboradas como único horizonte das Bandas Populares. A Banda Municipal de Ribadeo prevé realizar este ano as sesións de gravación de dous novos discos compactos: un de célebres fragmentos de bandas sonoras cinematográficas e outro de música galega (Gaos, Baudot, Paulino Pereiro, Guridi...)

## PROGRAMA

**Spartanburg**.....obertura.....Barry E. Kopetz

**O Camiño Real**.....Alfred Reed

Andante do 2º mov. (**Cantos Celtas**) da Sinfonía nº 2  
(**Nas Montañas de Galicia**).....Andrés Gaos  
(Arr.: Hernán Naval)

**Visions of flight** (visións do vó).....Robert Sheldon

**Carmen** (Suite da ópera).....G. Bizet

I - Allegro giocoso

II - Habanera

III - Allegro vivo attacca

IV - Allegro moderato attacca

V - Allegro giocoso

**Sorrisos e bágoas**.....Richard Rodgers  
(Arr.: Takashi Hoshide)